Pola contra, a Sociedade non dá de baixa os activos financeiros, e recoñece un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, nas cesións de activos financeiros nas que se reteña substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

4.5.2.- Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros que posúe a Sociedade correspóndense con "Pasivos Financeiros a custo Amortizado".

- Pasivos Financeiros a custo Amortizado:

Dentro desta categoría clasifícanse todos os pasivos financeiros excepto cando deben valorarse a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias. Con carácter xeral, inclúense nesta categoría os débitos por operacións comerciais e os débitos por operacións non comerciais.

Os préstamos participativos que teñan as características dun préstamo ordinario ou común tamén se incluírán nesta categoría sen prexuízo de que a operación se acorde a un tipo de interese cero ou por baixo de mercado.

Valoración inicial:

Inicialmente valóranse polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, é o prezo da transacción, que equivale ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos de transacción que lle sexan directamente atribuíbles. Con todo, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de xuro contractual, así como os desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións, cuxo importe se espera pagar no curto prazo, pódense valorar polo seu valor nominal, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

Valoración posterior:

Faise a custo amortizado. Os xuros devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de xuro efectivo. Con todo, os débitos con vencemento non superior a un ano que, de acordo co disposto no apartado anterior, se valoren inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose polo devandito importe.

Baixa de pasivos financeiros:

A empresa dará de baixa un pasivo financeiro, ou parte do mesmo, cando a obrigaón se extingue; é dicir, cando fose satisfeita, cancelada ou expirase.

4.5.3.- Fianzas entregadas e recibidas:

Os depósitos ou fianzas constituídas en garantía de determinadas obrigaóns valóranse polo importe efectivamente satisfeito, que non difire significativamente do seu valor razoable.

Nas fianzas entregadas ou recibidas por arrendamentos operativos ou por prestación de servizos, a diferenza entre o seu valor razoable e o importe desembolsado considérase como un pago ou cobro anticipado polo arrendamento ou prestación do servizo, que se imputa á conta de perdas e ganancias durante o período do arrendamento ou durante o período no que se presta o servizo, de acordo coa norma sobre ingresos por vendas e prestación de servizos.

Ao estimar o valor razoable das fianzas, tómase como período remanente o prazo contractual mínimo comprometido durante o cal non se poida devolver o seu importe, sen tomar en consideración o comportamento estatístico de devolución.

Cando a fianza sexa a curto prazo, non é necesario realizar o desconto de fluxos de efectivo se o seu efecto non é significativo.

Valor razoable:

O valor razoable é o importe polo que pode ser intercambiado un activo ou liquidado un pasivo, entre partes interesadas e debidamente informadas, que realicen unha transacción en condicións de independencia mutua.

Con carácter xeral, na valoración de instrumentos financeiros valorados a valor razoable, a Sociedade calcula este por referencia a un valor fiable de mercado, constituíndo o prezo cotizado nun mercado activo a mellor referencia do devandito valor razoable. Para aqueles instrumentos respecto dos cales non exista un mercado activo, o valor razoable obtense, no seu caso, mediante a aplicación de modelos e técnicas de valoración.

Asúmese que o valor en libros dos créditos e débitos por operacións comerciais se aproxima ao seu valor razoable.

4.6 EXISTENCIAS.

Os bens comprendidos en existencias comerciais valóranse polo menor valor entre o prezo de adquisición ou custo de produción e o valor neto realizable. O prezo de adquisición comprende o consignado en factura, despois de deducir calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares así como os xuros incorporados ao nominal dos débitos, e engadíranse todos os gastos adicionais (transportes, fretes, seguros, etc.) e impostos indirectos non recuperables, que se produzan ata que os bens se encontren dispoñibles para a súa venda.

O método FIFO é o adoptado pola empresa por consideralo o máis adecuado para a súa xestión.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento redúcese ao seu posible valor de realización. Cando o valor realizable das existencias é inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, efectúanse as oportunas correccións valorativas recoñecendoas como un gasto na conta de perdas e ganancias.

Se deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección de valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecendooo como un ingreso na conta de perdas e ganancias.

O importe das dotacións e reversións por deterioro de existencias nos exercicios 2024 e 2023 foron os seguintes:

CONCEPTO	2024	2023
Perdas por deterioro de existencias (693)	0,00	0,00
Reversión do deterioro de existencias (793)	0,00	0,00

O saldo de existencias a 31 de decembro que reflicte o balance de situación adxunto, recolle o seu valor, corrixido no importe do deterioro estimado para cada un dos exercicios segundo se detalla a continuación:

CONCEPTO	2024	2023
Existencias	14.064,84	14.141,83
Deterioro de valor de existencias	0,00	0,00
	<u>14.064,84</u>	<u>14.141,83</u>

A Sociedade contou durante os exercicios 2024 e 2023 con cobertura de seguros polas existencias que mantén depositadas en almacén.

4.7 TRANSACCIONS EN MOEDA ESTRANXEIRA.

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexístranse na moeda funcional da Sociedade (euros) aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción. Durante o exercicio, as diferenzas

que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se encontra en vigor na data de cobro ou de pago rexístranse como resultados financeiros na conta de resultados, nas contas 668 Diferenzas Negativas de Cambio ou 768 Diferenzas Positivas de Cambio dependendo do seu signo. A Sociedade non cambiou no exercicio a moeda funcional que é o euro.

Os saldos a cobrar ou pagar con orixe en moeda estranxeira e non cancelados a 31 de decembro de cada ano, contabilízanse polo seu contravalor en euros, segundo a cotización no momento de realización da transacción, xa que aplicando o principio de importancia relativa, se estima que non é significativa a variación do valor contable por aplicación do tipo de cambio vixente, non alterándose a expresión da imaxe fiel.

4.8 IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS.

O Imposto sobre Sociedades do exercicio, comprende o recoñecemento ou axuste dos activos e pasivos por imposto corrente e dos activos e pasivos por impostos diferidos que poden consistir en menores ou maiores fluxos de efectivo polas liquidacións futuras do imposto, e como consecuencia do rexistro deles, o gasto ou ingreso polo imposto corrente e o gasto ou ingreso por imposto diferido.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impositibles, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial nunha transacción que non é unha combinación de negocios doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial doutros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositibles negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización daquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza xurídica de subvención.

As bonificacións e deducións na cota do imposto, excluídas as retencións e pagos a conta, consideraranse como unha minoración no importe do imposto sobre sociedades a pagar e do crédito por perdas a compensar. Máis concretamente, INCOLSA como Sociedade anónima municipal, acóllese á bonificación do 99% da cota íntegra prevista no artigo 34 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

A DF 8ª da Lei 7/2023, do 23 de decembro, incorpora a través da disposición transitoria cuadraxésima cuarta do LIS, un réxime transitorio aplicable ás entidades de reducida dimensión nos

exercicios 2025-2028. Así, con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2025, as entidades que cumpran as previsións do artigo 101 do LIS (entidades de reducida dimensión) tributarán para o período impositivos que se inicie dentro do ano 2025 ao 24%.

De acordo coa Norma de Valoración 13ª os activos e pasivos por imposto corrente valoraranse polas cantidades que espera pagar ou recuperar das autoridades fiscais, de acordo coa normativa vixente ou aprobada e pendente de publicación na data de peche do exercicio. Os activos e pasivos por imposto diferido valoraranse segundo os tipos de gravame esperados no momento da súa reversión, segundo a normativa que estea vixente ou aprobada e pendente de publicación na data de peche do exercicio, e de acordo coa forma en que racionalmente se prevexa recuperar ou pagar o activo ou o pasivo. No seu caso, a modificación da lexislación tributaria "*en especial a modificación dos tipos de gravame*" e a evolución da situación económica da empresa dará lugar á correspondente variación no importe dos pasivos e activos por imposto diferido. O axuste realizado no exercicio 2024 nos activos por imposto diferido, pola modificación do tipo de gravame do imposto sobre sociedades no exercicio 2025 do 25% ao 24%, ascende a 17,15 euros e o axuste realizado nos pasivos por imposto diferido ascende a 0,03 euros.

4.9 INGRESOS E GASTOS.

-Aspectos comúns.

A empresa valora os ingresos polo importe que reflicte a contraprestación á que espera ter dereito a cambio dos devanditos bens ou servizos prestados.

-Recoñecemento.

A empresa recoñece os ingresos derivados dun contrato a medida que se produce a transferencia ao cliente do control sobre os bens ou servizos comprometidos.

O control dun ben ou servizo fai referencia á capacidade para decidir plenamente sobre o uso dese elemento patrimonial e obter substancialmente todos os seus beneficios restantes. O control inclúe a capacidade de impedir que outras entidades decidan sobre o uso do activo e obteñan os seus beneficios.

Para cada obrigaón a cumprir, derivada da entrega de bens ou prestación de servizos que se identifica, a empresa determina ao comezo do contrato se o compromiso asumido se cumprirá ao longo do tempo ou nun momento determinado.

Os ingresos derivados dos compromisos de prestacións de servizos ou venda de bens que se cumpren ao longo do tempo recoñécense en función do grao de avance ou progreso cara ao cumprimento completo das obrigaóns contractuais sempre que a empresa dispoña de información fiable para realizar a medición do grao de avance.

A empresa revisa e, se é necesario, modifica as estimacións do ingreso para recoñecer, a medida que cumpre co compromiso asumido. A necesidade de tales revisións non indica, necesariamente, que o desenlace ou resultado da operación non poida ser estimado con fiabilidade.

Cando, a unha data determinada, a empresa non é capaz de medir razoablemente o grao de cumprimento da obrigaón aínda que espera recuperar os custos incorridos para satisfacer o devandito compromiso, só se recoñecen ingresos e a correspondente contraprestación nun importe equivalente aos custos incorridos ata esa data.

No caso das obrigacións contractuais que se cumpren nun momento determinado, os ingresos derivados da súa execución recoñécense en tal data. Ata que non se produza esta circunstancia, os custos incorridos na produción ou fabricación do produto contabilízanse como existencias.

Cando existan dúbidas relativas á cobranza do dereito de crédito previamente recoñecido como ingresos por venda ou prestación de servizos, a perda por deterioración rexístrase como un gasto por corrección de valor por deterioración e non como un menor ingreso.

-Cumprimento da obrigación ao longo do tempo.

Nos ingresos da sociedade correspondentes a prestación de servizos recorrentes nos que o cliente recibe e consome de forma simultánea os beneficios proporcionados pola actividade da empresa, enténdense que a empresa transfere o control dun servizo ou produto ao longo do tempo.

Se a transferencia do control sobre o activo non se produce ao longo do tempo a empresa recoñece o ingreso seguindo os criterios establecidos para as obrigacións que se cumpren nun momento determinado.

-Valoración.

Os ingresos ordinarios procedentes da venda de bens e da prestación de servizos valóranse polo importe monetario ou, no seu caso, polo valor razoable da contrapartida, recibida ou que se espere recibir, derivada da mesma, que, salvo evidencia en contrario, é o prezo acordado para os activos a transferir ao cliente, deducido: o importe de calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares que a empresa poida conceder, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos. Con todo, poderán incluírse os xuros incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñan un tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Non forman parte dos ingresos os impostos que gravan as operacións de entrega de bens e prestación de servizos que a empresa debe repercutir a terceiros como o imposto sobre o valor engadido e os impostos especiais, así como as cantidades recibidas por conta de terceiros.

A empresa toma en conta na valoración do ingreso a mellor estimación da contraprestación variable se é altamente probable que non se produza unha reversión significativa do importe do ingreso recoñecido cando posteriormente se resolva a incerteza asociada á citada contraprestación.

4.10 PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS.

As obrigacións existentes á data do balance de situación xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais para a Sociedade cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados, rexístranse no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que se estima que a Sociedade terá que desembolsar para cancelar a obrigación. Nas provisións con vencemento inferior ou igual a un ano, e cuxo efecto financeiro non é significativo, non se leva a cabo ningún tipo de desconto.

No exercicio 2016 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, iniciou actuacións de comprobación limitada, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2015, períodos 1T, 2T, 3T e 4T, cuxas liquidacións foron recorridas ante o Tribunal Económico Administrativo Central. A

31 de decembro de 2022 a Sociedade tiña rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 450.891,47 euros, correspondentes 401.792,40 euros polo importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2015 e 49.099,07 euros de xuros de demora devengados ata o 31 de decembro de 2022.

No exercicio 2018 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, reiniciou actuacións de comprobación limitada, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2016, períodos 1T, 2T, 3T e 4T cuxas liquidacións foron recorridas ante o Tribunal Económico Administrativo Central. A 31 de decembro do 2022, a Sociedade tiña rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 298.627,44 euros correspondente a 291.480,13 euros por importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2016 e 7.147,31 euros de xuros de demora devengados ata o 31 de decembro de 2022.

Tamén no exercicio 2018 a Oficina de Inspección Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, iniciou actuacións inspectoras, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2017, períodos 1T, 2T, 3T e 4T cuxas liquidacións foron recorridas ante o Tribunal Económico Administrativo Central. A 31 de decembro de 2022, en relación con estas actuacións inspectoras, a Sociedade tiña rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 275.628,79 euros correspondente a 272.039,32 euros por importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2017 e 3.589,47 euros de xuros de demora.

En relación co IVE dos exercicios 2019 e 2020, a Sociedade decidiu presentar declaracións complementarias para adaptar as declaracións de IVE aos criterios da Resolución do TEAR de Galicia, polo que ao peche do exercicio 2020 a Sociedade dotou os recargos e os xuros de demora correspondentes. Os recargos e xuros de demora dotados no exercicio 2020 correspondentes ao exercicio 2019 foron de 6.297,49 euros e 2.212,63 euros correspondentes ao exercicio 2020. No exercicio 2021 dotáronse 53,04 euros correspondentes ao exercicio 2019.

O 26 de abril do 2023, foi notificada a INCOLSA a Resolución ditada con data 19 de abril de 2023 polo Tribunal Económico-Administrativo Central (TEAC) que acordou desestimar os recursos de alzada ordinarios interpostos pola sociedade.

Con data 24 de maio de 2023 o Consello de Administración da sociedade aprobou non recorrer a Resolución do TEAC asumindo como definitivos os seus pronunciamentos, e acordou realizar o pago das cantidades pendentes correspondentes ás liquidacións do exercicio 2015 e dos intereses devengados ata a data do pago. Unha vez efectuado o pago solicitouse a cancelación das garantías aportadas no seu día para cubrir o importe das liquidacións recorridas en vía económico-administrativa, consistentes en avais bancarios por importe total de 189.585,91 euros.

A 31 de decembro de 2023 a sociedade tiña canceladas a totalidade das provisións para impostos dotadas así como os avais bancarios contratados como garantía co Banco Sabadell.

As citadas actuacións detállanse na nota 9 desta memoria.

De conformidade coa Resolución do 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 6 de febreiro de 2024 polo que se aproba o incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 que establece que "... Se o incremento do PIB nominal iguala ou superase o estimado polo

Goberno no cadro macroeconómico que acompaña á elaboración. desta Lei de orzamentos, aplicárase un incremento salarial complementario do 0,5 por cento”, a 31 de decembro de 2023, a sociedade dotou provisión a curto prazo por importe de 3.550,38 euros, correspondentes aos atrasos devengados no exercicio 2023 pola actualización salarial dese 0,5% vinculado ao PIB para todo o persoal. A aplicación deste incremento salarial e o pago dos atrasos vinculados fíxose efectiva no mes de febreiro de 2024, aplicándose esta provisión por importe de 3.485,90 euros.

O Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social prevé no artigo 6 *Incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público para o ano 2024:*

“Así mesmo, con efectos de 1 de xaneiro de 2024, se aplicará, no seu caso, un incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5 por cento, respecto ás retribucións vixentes a 31 de decembro de 2023, se a suma da variación do IPCA dos anos 2022, 2023 e 2024 superara o incremento retributivo fijo acumulado de 2022, 2023 y 2024.”

A estes efectos, unha vez publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) os datos do IPCA do ano 2024, se aprobará a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros, que se publicará no BOE.”

A data 31/12/2024 dótese provisión por este concepto, por un importe total de 3.628,41 euros. A data de formulación destas contas a aplicación deste incremento está pendente de aprobación.

Con data 9 de xaneiro de 2024 o Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela emite Sentenza nº 11/2025 pola que se estima parcialmente a demanda interposta por unha traballadora declarando o seu dereito á percepción do complemento de antigüidade dende o 01/08/2003, condenando a INCOLSA ao pago en tal concepto da cantidade de 2.484,23 euros. A data 31/12/24 dótese unha provisión por importe de 3.468,29 euros na que se engloban tanto os salarios atrasados como as cotas da Seguridade Social correspondentes ás devanditas diferenzas salariais. As diferenzas correspondentes ao exercicio 2023 dotáronse contra reservas voluntarias por un importe total de 1.175,28 euros.

Con data 5 de marzo de 2025 recibíuse en INCOLSA Decreto do Xulgado Contencioso/Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, polo que se comunica que, con data 11 de febreiro de 2025, a representación procesual de CITY SIGHTSEEING ESPAÑA solicitou recurso contencioso-administrativo contra INCOLSA. O Acto administrativo impugnado é o anuncio e pregos publicados en data 16 de decembro de 2024 que rexen o procedemento de contratación para a concesión do servizo de *“Explotación do servizo de tren turístico para o percorrido polas zonas centrais urbanas de Santiago de Compostela. Expediente 2024/04”*.

Dado que a mercantil recorrente non formulou con carácter previo á impugnación xudicial ningún dos recursos que habilita o artigo 44 da Lei de Contratos do Sector Público, e dado que a modalidade procesual corresponde coa do procedemento contencioso-administrativo ordinario, non constan neste momento a INCOLSA os termos no que o recurso se articula nin se de dito procedemento podería derivar nalgún tipo de responsabilidade para a sociedade no momento en que a demanda se presente, o que ocorrerá nunha fase próxima do proceso. Con todo, a sociedade recorrente non tomou parte na licitación, xa formulou recurso á licitación que, con este mesmo obxecto, se levou a cabo en 2017 e cabe presumir que a súa pretensión se cingue, coma entón, á anulación da licitación e do marco

xurídico que a posibilita, e a súa substitución por un sistema diferente de concorrencia de operadores para dito servizo.

4.11 CRITERIOS EMPREGADOS PARA O REXISTRO E VALORACIÓN DOS GASTOS DE PERSOAL.

A contabilización dos gastos de persoal axústase ao principio de devengo, rexistrando o gasto na conta de perdas e ganancias de acordo coa corrente real do servizo prestado á empresa, valorándose polo custo.

A Sociedade non ten subscritos compromisos por pensións a favor dos seus traballadores.

4.12 SUBVENCiónS, DOAZónS E LEGADOS.

De acordo coa norma de valoración 18 do Plan Xeral de Contabilidade, as subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse inicialmente como ingresos directamente imputados a patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou inversión obxecto da subvención.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables realízase atendendo á súa finalidade, distinguindo entre outras as seguintes:

-As que se concedan para asegurar unha rendibilidade mínima ou compensar o déficit de explotación, imputaranse como ingresos do exercicio no que se concedan, salvo que se destinen a financiar déficit de explotación de exercicios futuros, en cuxo caso se imputarán en ditos exercicios.

-As que se concedan para financiar gastos específicos: imputaranse como ingresos no mesmo exercicio en que se devenguen os gastos que están financiando.

-As que se concedan para adquirir activos do inmovilizado intanxible, material e inversións inmobiliarias imputaranse como ingresos do exercicio en proporción á dotación á amortización efectuada nese período para os citados elementos ou, no seu caso, cando se produza a súa enaxenación, corrección valorativa por deterioro ou baixa en balance.

-Os importes monetarios que se reciban sen asignación a unha finalidade específica imputaranse como ingreso no exercicio no que se recoñezan.

A contabilización das subvencións e axudas recibidas por INCOLSA do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, para o financiamento de actividades de interese público ou xeral, efectúanse de acordo cos criterios recollidos no apartado 1 da norma 18ª de Rexistro e Valoración do Plan Xeral de Contabilidade publicado polo RD 1514/2007, de 16 de novembro e en base ao establecido no apartado 2 desa norma, por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público.

As subvencións de carácter reintegrable, rexistraranse como pasivos da empresa ata que adquiran a condición de non reintegrables. A estes efectos, considéranse non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión de subvención, se prevea que se cumpran as condicións establecidas no mesmo e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

Aplicanse as normas contables definidas pola Orde EHA/733/2010, de 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias, e que desenvolve o Plan Xeral de Contabilidade, clarificando cando as subvencións deben cualificarse

desde una perspectiva contable como non reintegrables, e en consecuencia, deben recoñecerse no patrimonio neto da entidade. Segundo esta orde, as subvencións concedidas para a adquisición de activos e o financiamento de gastos específicos de execución plurianual, considéranse non reintegrables cando na data de formulación das Contas Anuais, se tivese realizada a inversión ou se tivese executado a actuación obxecto das mesmas.

4.13 COMBINACIÓNS DE NEGOCIOS.

Non se produciron nos dous últimos exercicios operacións nas que a Sociedade adquirira o control dun ou varios negocios.

4.14 NEGOCIOS CONXUNTOS.

A empresa non actúa como partícipe en ningunha actividade económica conxunta.

4.15 CRITERIOS EMPREGADOS EN TRANSACCIÓNS ENTRE PARTES VINCULADAS.

De existir transaccións comerciais entre a Sociedade e o socio único da mesma, o Concello de Santiago de Compostela, estas realizaranse no marco da actividade habitual da empresa e en condicións normais de mercado, isto é, a prezo de mercado, entendendo este como aquel acordado por persoas ou entidades independentes en condicións de libre concorrência.

De existir transaccións con outras entidades vinculadas ao socio único, realízanse, igualmente, no marco da actividade habitual da empresa e en condicións normais de mercado.

NOTA 5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIONES INMOBILIARIAS.

O detalle dos movementos destes epígrafes nos dous últimos exercicios foi o seguinte:

Nos exercicios 2024 e 2023 non se practicaron correccións valorativas.

Exercicio 2024: Estado de movementos do inmovilizado material, intanxible		Inmovilizado	Inmovilizado
exercicio actual		intanxible	material
A) SALDO INICIAL BRUTO, EXERCICIO	2024	230.002,43	175.982,11
(+) Entradas		2.703,14	1.168,00
(-) Salidas		(936,86)	0,00
B) SALDO FINAL BRUTO, EXERCICIO	2024	231.768,71	177.150,11
C) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO INICIAL EXERCICIO	2024	215.030,82	142.873,64
(+) Dotación á amortización do exercicio		3.250,33	7.312,68
(-) Disminucións por salidas, baixas o traspasos		(749,49)	0,00
D) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO FINAL EXERCICIO	2024	217.531,66	150.186,32
NETO		14.237,05	26.963,79

Exercicio 2023: Estado de movementos do inmovilizado material, intanxible		Inmovilizado	Inmovilizado
exercicio anterior		intanxible	material
A) SALDO INICIAL BRUTO, EXERCICIO	2023	227.684,75	169.739,06
(+) Entradas		3.517,28	6.243,05
(-) Salidas		(1.199,60)	0,00
B) SALDO FINAL BRUTO, EXERCICIO	2023	230.002,43	175.982,11
C) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO INICIAL EXERCICIO	2023	212.868,72	135.903,75
(+) Dotación á amortización do exercicio		3.001,81	6.969,89
(-) Disminucións por salidas, baixas o traspasos		(839,71)	0,00
D) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO FINAL EXERCICIO	2023	215.030,82	142.873,64
NETO		14.971,61	33.108,47

NOTA 6. ACTIVOS FINANCEIROS.

a) Activos financeiros non correntes

A análise do movemento durante o exercicio para cada clase de activos financeiros non correntes é o seguinte:

	Créditos, derivados e outros	TOTAL
Saldo ao inicio do exercicio 2023	8.388,44	8.388,44
(+) Altas	0,00	0,00
(-) Saídas e reducións	0,00	0,00
(+/-) Traspasos e outras variacións	0,00	0,00
Saldo final do exercicio 2023	8.388,44	8.388,44
(+) Altas	0,00	0,00
(-) Saídas e reducións	0,00	0,00
(+/-) Traspasos e outras variacións	0,00	0,00
Saldo final do exercicio 2024	8.388,44	8.388,44

O Balance de Situación a 31 de decembro de 2024 e 2023 rexistra, dentro do epígrafe de A) Activo non Corrente un saldo de Inversións financeiras a longo prazo por importe de 8.388,44 euros, que corresponde á fianza constituída como garantía do contrato de aluguer do local de oficinas situado na Rúa do Vilar, 63.

b) Correccións por deterioro do valor orixinadas polo risco de crédito.

Nos exercicios 2023 e 2024 non se produciron movementos das contas correctoras representativas das perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito.

c) Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A Sociedade non posúe, directa nin indirectamente, participacións noutras Sociedades que superen os límites sinalados na indicación segunda do artigo 260 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

NOTA 7. PASIVOS FINANCEIROS.

As clasificacións por vencementos dos pasivos financeiros da Sociedade, dos importes que venzan en cada un dos seguintes anos ao peche dos dous últimos exercicios e ata os seu último vencemento, detállanse nos seguintes cadros:

Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2024

	Vencementos en anos						
	2025	2026	2027	2028	2029	Máis de 5	TOTAL
Outras débedas	889,67	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	889,67
Acredores comerciais e ot. contas a pagar:	588.916,37	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	588.916,37
Provedores	257,43	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	257,43
Outros acredores	588.658,94	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	588.658,94
TOTAL	589.806,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	589.806,04

Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2023

	Vencementos en anos						TOTAL
	2024	2025	2026	2027	2028	Máis de 5	
Outras débedas	2.338,61	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.338,61
Acredores comerciais e ot. contas a pagar:	769.370,70	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	769.370,70
Provedores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros acredores	769.370,70	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	769.370,70
TOTAL	771.709,31	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	771.709,31

A 31 de decembro de 2024 estaba pendente de liquidar o saldo das tarxetas de crédito da empresa por importe de 889,67 euros, a 31 de decembro de 2023 o saldo ascendía a 2.338,61 euros.

O saldo de outros acredores a curto prazo corresponde a acredores comerciais.

NOTA 8. FONDOS PROPIOS.

O capital social da compañía fixado en SESENTA MIL CENTO UN EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (60.101,21), está representado por CEN (100) accións nominativas de SEISCENTOS UN EUROS CON CERO CENTO VINTE E UN CÉNTIMOS (601,0121) de valor nominal cada unha numeradas correlativamente do número 1 ao 100, ambos inclusive. O capital atópase totalmente subscrito, e desembolsado.

De acordo coa Lei de Sociedades de Capital, a reserva legal, mentres non supere o límite do 20% do capital social, non é distribuíble aos accionistas e só poderá destinarse, no caso de non ter outras reservas dispoñibles, á compensación de perdas. Esta reserva poderá utilizarse igualmente para aumentar o capital social na parte que exceda do 10% do capital xa aumentado.

Dado que o capital social de INCOLSA é de carácter 100% de propiedade municipal, debe terse en conta o establecido no RD 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de decembro de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación a entidades locais, lei que foi posteriormente derogada polo RD2/2007 de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, á súa vez derogada pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Non existe ningunha circunstancia que restrinja a dispoñibilidade das Reservas, salvo as establecidas na Lei.

No contexto do dereito do socio recoñecido no artigo 348.bis da Lei de Sociedades de Capital, a compañía informa que non reparte dividendos.

No apartado de reservas recóllense o importe de Reserva Legal que ascende a 12.020,24 euros en 2024 e 2023 e o importe das Reservas Voluntarias que ascenden a 251.574,06 euros en 2024 e a 224.635,53 euros en 2023. Tal e como establece o artigo 35 dos estatutos sociais, o importe das reservas voluntarias deberase utilizar nas melloras e ampliacións que redunden en ben do servizo público que se preste, unha vez cumprido o previsto sobre o fondo da reserva na lexislación sobre este tipo de sociedades.

Con data 30 de agosto de 2017 a sociedade recibiu da Axencia Estatal da Administración Tributaria Resolucións con liquidación provisional relativas ao IVE do exercicio 2015 (o detalle das citadas actuacións se recolle na nota 9 desta memoria). A diferenza entre as resolucións formuladas pola Administración e o criterio da sociedade, foi obxecto de contabilización o 30 de setembro de 2017 mediante unha provisión para cubrir as continxencias derivadas de posibles débedas tributarias, na

que se recolleron tamén os recargos, xuros e sancións por importe total de 507.644,72 euros, rexistrándose directamente contra patrimonio neto un importe de 359.577,56 euros.

Para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das citadas notificacións recibidas da AEAT, o 3 de novembro de 2017 o Consello de Administración da sociedade elevou á Xunta Xeral a adopción do acordo de remoción da causa que sitúa á sociedade en causa de disolución aprobando a transferencia á mesma dunha achega extraordinaria por importe de 165.063,95 euros en concepto de achegas do socio para compensación de perdas e restablecemento do equilibrio financeiro. Con data 29 de novembro de 2017 a Xunta Xeral da sociedade aprobou a realización da devandita transferencia.

No ano 2018 a sociedade recibiu da Axencia Estatal da Administración Tributaria resolucións con liquidación provisional relativas ao IVE do exercicio 2016 e Acta de Desconformidade relativa ao IVE do exercicio 2017 (o detalle das citadas actuacións se recolle na nota 9 desta memoria). A diferenza entre as resolucións formuladas pola Administración e o criterio da sociedade, foi obxecto de contabilización o 31 de decembro de 2018 mediante unha provisión para cubrir as continxencias derivadas de posibles débedas tributarias, na que se recolleron tamén os recargos, xuros e sancións por importe total de 636.079,35, do que se rexistrou directamente contra o patrimonio neto un importe de 568.426,04 euros, despois de ter en consideración o efecto impositivo por importe de 1.424,63 euros.

Para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das citadas notificacións recibidas da AEAT, por parte do socio único da sociedade adoptáronse, baixo un criterio de prudencia, medidas destinadas a prestar apoio financeiro á sociedade. Concretamente consignouse, nos orzamentos aprobados para o exercicio 2018, unha partida por importe de 441.000,00 euros, destinada a esta finalidade que transferiu á sociedade o 26 de novembro do 2018.

Como xa se mencionou na nota 4.10 desta memoria, como consecuencia da Sentenza pola que se estima parcialmente a demanda interposta por unha traballadora declarando o seu dereito á percepción dun complemento de antigüidade dende o 01/08/2003, e condenando a INCOLSA ao pago das diferenzas salariais en concepto de salarios atrasados e cotas da Seguridade Social, dotáronse contra reservas voluntarias, por un importe total de 1.175,28 euros, as diferenzas correspondentes ao exercicio 2023.

NOTA 9. SITUACIÓN FISCAL.

9.1 IMPOSTOS SOBRE BENEFICIOS.

Detalle do gasto/ingreso polo imposto sobre beneficios no exercicio 2024:

1. Imposto corrente	a) Variación do imposto diferido de activo			b) Variación do imposto diferido de pasivo	3. TOTAL (1+2)
	Diferenzas temporarias	impositivo por bases impositibles negativas	Outros créditos	Diferenzas temporarias	
Imputación a perdas e ganancias, da cal:					
_ A operacións continuadas	123,12	-17,15			105,97
Imputación a patrimonio neto, da cal:					
_ Por subvencións, doazóns e legados recibidos				0,37	0,37

Detalle do gasto/ingreso polo imposto sobre beneficios no exercicio 2023:

1. Imposto corrente	a) Variación do imposto diferido de activo			b) Variación do imposto diferido de pasivo	3. TOTAL (1+2)
	Crédito impositivo por bases			Diferenzas temporarias	
	Diferenzas temporarias	Impoñibles negativas	Outros créditos		
Imputación a perdas e ganancias, da cal:					
_A operacións continuadas	-139,73				-139,73
Imputación a patrimonio neto, da cal:				0,34	0,34
_Por subvencións, doazóns e legados recibidos				0,34	0,34

Ao peche do exercicio 2024 e 2023 figuran rexistrados pasivos por diferenzas temporarias impoñibles derivados da concesión de subvencións de capital por importe de 0,86 euros e 1,23 euros respectivamente.

A 31 de decembro do 2024 e do 2023 figuran rexistrados, por importe de 411,65 euros e 305,68 euros respectivamente, créditos por bases impoñibles negativas pendentes de compensar.

Conforme ao establecido no artigo 26 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, para os períodos que se inicien a partir de 1 de xaneiro de 2015 modifícase o prazo de compensación das bases impoñibles negativas, as cales poderán ser compensadas coas rendas positivas dos períodos impositivos seguintes, sen limitación temporal, pero co límite do 60 por cento da base impoñible previa á aplicación da reserva de capitalización establecida no artigo 25 da mencionada lei e á súa compensación.

De acordo co citado artigo, a antigüidade dos créditos, por bases impoñibles negativas pendentes de compensar ao final dos exercicios 2024 e 2023, serían os seguintes:

A 31/12/2024:

Ano xeración do crédito	Crédito por Imposto	Bases Impoñibles negativas
2018	293,45	122.272,20
2024	118,20	49.248,81
TOTALES	411,65	171.521,01

A 31/12/2023:

Ano xeración do crédito	Crédito por Imposto	Bases Impoñibles negativas
2018	305,68	122.272,20
TOTALES	305,68	122.272,20

De acordo co establecido no artigo 34 de la Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, a entidade pode practicar unha bonificación do 99 por cen da parte de cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas da prestación dos servizos comprendidos no apartado 2 do artigo 25 e no apartado 1, letras a), b) e c) do artigo 36 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, de competencias das entidades locais territoriais, municipais e provinciais, ao tratarse dunha empresa de capital integramente municipal.

Nos exercicios 2024 e 2023, non é de aplicación a limitación á deducibilidade dos gastos financeiros introducida polo Real Decreto-Lei 12/2012, de 30 de marzo que modifica o Art. 20 do TRLIS, ao non cumprirse os requisitos obxectivos establecidos en dita norma e que limitan a súa deducibilidade.

9.2 IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.

-En relación co exercicio 2015

Con data 15 de xuño de 2016 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, iniciou actuacións de comprobación limitada, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2015, períodos 1T, 2T, 3T y 4T.

Tras presentar a documentación solicitada en sucesivos requirimentos, o 17 de outubro de 2016 a Sociedade recibiu notificación de proposta de resolución e trámite de alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a devolución solicitada no exercicio por importe de 238.031,99 euros e que arroxaba un importe a ingresar de 157.861,10 euros. A Sociedade, por non estar conforme coa citada resolución, presenta o 31 de outubro de 2016 alegacións á mesma.

O 21 de novembro de 2016, a Sociedade recibiu unha nova notificación de proposta de resolución e trámite de alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a devolución solicitada no exercicio por importe de 238.031,99 euros e que arroxaba un importe para ingresar de 181.610,41 euros. A Sociedade, por non estar conforme coa citada proposta de resolución, presentou o 7 de decembro de 2016 alegacións á mesma e rexistrou contablemente ao 31 de decembro, conforme aos criterios de deducibilidade que mantén segundo a súa interpretación da aplicación da lexislación vixente, unha provisión para impostos por importe de 49.550,37 euros.

Con data 5 de maio de 2017 foi notificada á entidade declaración de caducidade do procedemento de comprobación limitada iniciado en data 15 de xuño de 2016, dado que desde o inicio das citadas actuacións xa transcorrera o prazo máximo de resolución de seis meses establecido no artigo 104 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedendo ao arquivo das actuacións, e ao inicio previo dun novo procedemento de xestión tributaria de comprobación limitada con notificación de proposta de liquidación provisional e trámite de alegacións. Esta nova proposta minora o IVE soportado deducible no exercicio 2015 en 401.792,40 euros, e recolle un importe a ingresar de 181.610,41 euros.

Con data 22 de maio de 2017 presentáronse alegacións á proposta de liquidación provisional e o 30 de agosto de 2017 recibíuse notificación de resolución con liquidación provisional minorando o IVE soportado deducible no exercicio 2015 por importe de 401.792,40 euros, e que arroxaba un importe a ingresar de 181.610,41 euros.

En relación á citada Resolución con práctica de liquidación, presentouse, con data 20 de setembro de 2017, reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia. Seguidamente, o 4 de outubro de 2017, presentouse solicitude de suspensión de pago da débeda notificada mediante a achega de avais por un importe total de 189.585,91 euros correspondentes ao importe da débeda para ingresar máis os xuros de demora devengados á data de liquidación, da que se recibiu o 21 de novembro de 2017 comunicación de suspensión automática conforme ao artigo 43

do Regulamento Xeral de Revisión en Vía Administrativa (RGRVA). O 26 de decembro de 2017 recibíuse do TEAR de Galicia acordo de acumulación dos expedientes relativos a todos os trimestres do exercicio 2015, e o 26 de febreiro de 2018 a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con fecha 26 de marzo de 2018.

Tamén en relación coa citada proposta, o 19 de setembro de 2017 recibíuse acordo de iniciación e comunicación do trámite de audiencia dos expedientes sancionadores por un importe de 90.805,20 euros, ao que se presentaron alegacións o 9 de outubro de 2017. Ditas alegacións non foron estimadas, recibíndose notificación de acordo de imposición de sanción por infracción tributaria o 23 de febreiro de 2018 á que a Sociedade, por non estar conforme, presentou unha reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia (TEAR) con data 20 de marzo do 2018. O 2 de outubro de 2018 recibíuse a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 31 de outubro do 2018. O 19 de novembro do 2018 recibíuse do TEAR de Galicia acordo de acumulación dos expedientes das sancións conxuntamente coa reclamación principal.

A 31 de decembro de 2022 a Sociedade tiña rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 450.891,47 euros, correspondentes 401.792,40 euros polo importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2015 e 49.099,07 euros de xuros de demora devengados ata o 31 de decembro de 2022.

-En relación co exercicio 2016

Con data 15 de novembro de 2017 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela remitiu á Sociedade requirimento de documentación en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2016, períodos 1T, 2T, 3T e 4T, e o 29 de novembro de 2017 presentouse escrito achegando a documentación solicitada.

O 30 de abril do 2018 a Sociedade recibiu Notificación da Proposta de Resolución e Trámite de Alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a compensación solicitada no exercicio por importe de 149.825,68 euros e que arroxaba un importe a ingresar de 123.804,45 euros. A Sociedade por non estar conforme coa citada resolución, presentou o 14 de maio de 2018 alegacións a mesma.

Durante o exercicio 2016 a Sociedade mantivo os mesmos criterios de deducibilidade do IVE soportado que defendeu ante a Administración no exercicio 2015, presentando as correspondentes declaracións complementarias para axustar o IVE soportado non deducible en aplicación da súa interpretación do artigo 7.8º da Lei do IVE.

Con data 11 de outubro de 2018 a entidade recibiu notificación da declaración de caducidade do procedemento de comprobación limitada iniciada en data 15 de novembro de 2017, dado que desde o inicio das citadas actuacións xa transcorrera o prazo máximo de resolución de seis meses establecido no artigo 104 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedendo ao arquivo das actuacións. Con data 25 de outubro de 2018 recibíuse nova notificación de proposta de liquidación provisional e trámite de alegacións correspondente ao exercicio 2016, períodos 1T, 2T, 3T e 4T. Esta nova proposta, emitiuse nos mesmos termos que a anterior.

Con data 6 de novembro do 2018 presentáronse alegacións á proposta de liquidación provisional e os días 10 e 13 de decembro de 2018 recibíronse notificacións de resolución con liquidación provisional minorando o IVA soportado deducible dos períodos 1T, 2T, 3T e 4T do exercicio 2016 por importe de 291.480,13 euros, e arroxando un importe a ingresar de 123.804,45 euros.

En relación a citada Resolución con práctica de liquidación, presentouse con data 10 de xaneiro de 2019, reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia, realizándose o pago da débeda notificada por un importe total de 123.804,45 euros, máis os xuros de demora devengados á data de liquidación, dentro do prazo correspondente. O 8 de maio de 2019 se recibiu do TEAR de Galicia acordo de acumulación do expediente do exercicio 2016 ao do exercicio 2015, e os días 11, 12 e 13 de setembro do 2019 a posta de manifesto dos expedientes do 4º, 3º e 2º trimestre do exercicio 2016 e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 9 de outubro do 2019.

Tamén en relación coa citada proposta, o 14 de decembro de 2018 recibíuse acordo de iniciación e comunicación do trámite de audiencia do expediente sancionador por un importe de 61.922,22 euros, ao que se presentaron alegacións o 7 de xaneiro do 2019. Ditas alegacións non foron estimadas, recibíndose notificación do acordo de imposición de sanción por infracción tributaria o 15 de marzo de 2019 á que a Sociedade, por non estar conforme, presentou reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia (TEAR) con data 25 de marzo de 2019. O 4 de setembro de 2019 se recibiu a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 3 de outubro de 2019.

O 31 de decembro do 2022, a Sociedade tiña rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 298.627,44 euros correspondente a 291.480,13 euros por importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2016 e 7.147,31 euros de xuros de demora devengados ata o 31 de decembro de 2022.

-En relación co exercicio 2017

Durante o exercicio 2017 a Sociedade mantivo os mesmos criterios de deducibilidade do IVE soportado que aplicou no exercicio 2016.

O día 9 de maio do 2018, a sociedade recibiu comunicación de inicio de actuacións inspectoras con carácter parcial relativas ao Imposto sobre o Valor Engadido do ano 2017.

Posteriormente, mediante comunicación notificada ao obrigado tributario en data 14 de xuño do 2018, as actuacións anteriores ampliáanse e pasan a ter alcance xeral conforme ao establecido no artigo. 148 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 178 del R.X.A.T.

Con data 28 de novembro de 2018 incoouse Acta de Desconformidade relativa ao Imposto sobre o Valor Engadido-exercicio 2017 períodos 1T, 2T, 3T e 4T, practicando as liquidacións correspondentes por importe total de 72.308,25 euros.

A Sociedade formulou alegacións a esta Acta con data 18 de decembro de 2018 que foron desestimadas recibindo Acordo de Liquidación con data 16 de xaneiro de 2019 no que se minora o IVE soportado deducible dos períodos 1T, 2T, 3T e 4T do exercicio 2017 por importe de 272.039,32 euros, e que arroxa un importe a ingresar de 68.895,75 euros mais os xuros de demora correspondentes. En dito Acordo a Administración Tributaria considera que non existen indicios da comisión de infraccións tributarias tipificadas no artigo 183 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), toda vez que, de conformidade no disposto no artigo 179.2.d) LXT, se puxo a necesaria dilixencia no cumprimento da obrigación tributaria, actuando o obrigado amparándose nunha interpretación razoable da norma.

En relación á citada Acta presentouse, con data 12 de febreiro do 2019, reclamación económico-administrativa e solicitude de posta de manifesto do expediente para formulación de alegacións e proposición de probas, ante o TEAR de Galicia, realizándose o pago da débeda notificada mais os xuros de demora devengados á data de liquidación, por un importe total de 72.485,22 euros, o 20 de febreiro de 2019. O 10 de xuño do 2019 recibíuse do TEAR de Galicia a posta de manifesto do expediente e a apertura do trámite de alegacións, que foron presentadas con data 10 de xullo do 2019.

A 31 de decembro de 2022, en relación con estas actuacións inspectoras, a Sociedade ten rexistrada contablemente unha provisión para impostos de 275.628,79 euros correspondente a 272.039,32 euros por importe do IVE soportado que a Administración Tributaria considera como non deducible no 2017 e 3.589,47 euros de xuros de demora.

En relación con todo o exposto con anterioridade, con data 9 de xuño de 2020 foi notificada a Resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, en relación coas reclamacións presentadas contra os acordos ditados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria nos que se practican liquidacións provisionais polo IVE dos exercicios 2015, 2016 e 2017 e contra os acordos sancionadores ditados en relación coas liquidacións dos exercicios 2015 e 2016, que o TEAR resolve de forma acumulada ao amparo do artigo 203 da Lei Xeral Tributaria.

A Resolución desestima as alegacións presentadas contra os acordos emitidos pola AEAT, no que se refire a deducibilidade do IVE soportado, e considera non suxeitas a IVE todas aquelas actividades que INCOLSA realiza en cumprimento do seu obxecto social en tanto en canto existe xestión directa dun servizo público de competencia do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, polas que non percibe contraprestación algunha e que se financia mediante subvencións públicas, e estima as alegacións contra os acordos sancionadores iniciados pola AEAT para os exercicios 2015 e 2016 que ascenden a un total de 152.727,42 euros (90.805,20 euros do exercicio 2015 e 61.922,22 euros do exercicio 2016).

Con data 18 de xuño de 2020 recibíronse acordos de execución de Resolución Económico-Administrativa nos que se anulan os expedientes e as liquidacións das sancións, polo que se procedeu no exercicio 2020 a cancelación das estimacións por estes importes (90.805,20 euros do exercicio 2015 e 61.922,22 euros do exercicio 2016), rexistradas en exercicios anteriores, contra patrimonio neto.

Con data 29 de xuño de 2020 o Consello de Administración da Sociedade decidiu presentar recurso de alzada ante o Tribunal Económico Administrativo Central dentro do prazo establecido ao efecto, mantendo os avais formalizados como garantía das liquidacións reclamadas para o exercicio 2015 que de conformidade co artigo 233.8 da Lei Xeral Tributaria suspenden a execución do acto durante a tramitación do procedemento económico-administrativo en todas as súas instancias.

O 9 de xullo de 2020 INCOLSA presentou Recurso de Alzada, ante o TEAC, contra a citada Resolución ditada polo Tribunal Económico-Administrativo, e con data 26 de abril de 2023, foi notificada a "INCOLSA" a Resolución ditada con data 19/4/2023, polo Tribunal Económico-Administrativo Central (TEAC), que acorda desestimar os recursos de alzada ordinarios resoltos de forma acumulada números 00-06561-2021 e 00-04451-2020, interpostos contra a resolución ditada con data 28/02/2020 polo Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia (TEAR).

Con data 24 de maio de 2023 o Consello de Administración da sociedade aprobou non recorrer a Resolución do TEAC asumindo como definitivos os seus pronunciamentos, e acordou realizar o pago das cantidades pendentes correspondente ás liquidacións do ano 2015 e dos intereses devengados ata a data do pago. Dando cumprimento a estes acordos, con data 29 de maio de 2023 procedeuse á cancelación da débeda suspendida mediante avais bancarios, que ascendía a un total de 189.585,91

euros e procedeuse a solicitar á AEAT a liquidación dos intereses de demora devengados durante o período no que a débeda estivo suspendida con motivo dos recursos presentados ante o TEAR en primeiro lugar e ante o TEAC posteriormente. Os acordos de liquidación de intereses remitidos pola Axencia Tributaria ascenderon a un total de 12.191,12 euros que foron aboados con data 29 de xullo de 2023.

Así mesmo, se solicitou a cancelación das garantías aportadas no seu día para cubrir o importe das liquidacións recorridas en vía económico-administrativa, consistentes en avais bancarios por importe total de 189.585,91 euros.

A 31 de decembro de 2023 a sociedade cancelou a totalidade das provisións para impostos dotadas así como os avais bancarios.

-En relación cos exercicios 2018, 2019 e 2020

Durante o ano 2018, 2019 e os primeiros tres primeiros trimestres do exercicio 2020 a Sociedade presentou as declaracións de IVE seguindo o criterio de deducibilidade mantido pola Axencia Tributaria nas distintas resolucións emitidas para os exercicios 2015, 2016 e 2017, variándoo en base á última recibida en cada momento, xa que non eran homoxéneos, o que supuxo un importe de IVE soportado non deducible de 334.811,62 euros no exercicio 2018 e 300.417,88 euros no exercicio 2019, que figuran rexistrados como gasto na conta de Perdas e Ganancias de cada exercicio.

Trala recepción o 9 de xuño de 2020 da citada Resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, acordouse na Sesión Ordinaria celebrada polo Consello de Administración de INCOLSA o 3 de decembro de 2020, a aplicación do criterio posto de manifesto na mesma, o que supuxo a rectificación das liquidación de IVA dos exercicios 2019 (1T-2T-3T-4T) e 2020 (1T-2T-3T), e a aplicación tamén deste criterio desde ese momento en tanto non exista un novo pronunciamento do TEAC.

Tales rectificacións supuxeron o rexistro dun importe de IVE soportado non deducible adicional correspondente ao exercicio 2019 por 47.436,66 euros que figura recoñecido contra patrimonio neto, e de 283.275,16 euros de IVE soportado non deducible correspondente ao exercicio 2020 que figura rexistrado como gasto na conta de Perdas e Ganancias do exercicio. Así mesmo, se dotaron no exercicio 2020 os recargos e xuros de demora devengados polas presentacións de declaracións extemporáneas sen requirimento previo por importe de 6.297,49 euros correspondentes ao exercicio 2019 e 2.212,63 euros correspondentes ao exercicio 2020, e no exercicio 2021, 53,04 euros correspondentes ao exercicio 2019.

-En relación co exercicio 2021

O 6 de marzo de 2023 recibíuse notificación de requirimento en relación coas autoliquidacións do IVE, correspondentes ao exercicio 2021, períodos 1T, 2T, 3T e 4T, no que comezan actuacións de comprobación limitada. A documentación requirida foi aportada á Axencia Tributaria o 17 de marzo de 2023.

Unha vez transcorrido máis de 6 meses dende a data de notificación do inicio do procedemento de comprobación limitada sen recibirse resolución expresa, o mesmo encóntrase caducado, sen que iso impida que a Administración tributaria poida iniciar de novo ese procedemento dentro do prazo de prescrición.

A compañía ten abertos a Inspección todos os exercicios non prescritos por todos os impostos que lle afectan.

NOTA 10. SUBVENCIONS, DOAZONS E LEGADOS.

10.1 Subvencións de explotación

As subvencións de explotación contabilízanse seguindo o criterio de devengo.

Durante o exercicio 2024 foron rexistradas subvencións para o financiamento de gastos específicos por un importe total de 2.635.000,00 euros, das que a totalidade teñen carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.12).

Entidade concesionaria	Importe
Concello de Santiago de Compostela (Achegas a sociedades mercantís municipais)	2.485.000,00
Deputación Provincial da Coruña. Financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas	150.000,00
TOTAL	2.635.000,00

Durante o exercicio 2023 foron rexistradas subvencións para o financiamento de gastos específicos por un importe total de 2.635.000,00 euros, das que a totalidade teñen carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.12).

Entidade concesionaria	Importe
Concello de Santiago de Compostela (Achegas a sociedades mercantís municipais)	2.485.000,00
Deputación Provincial da Coruña. Financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas	150.000,00
TOTAL	2.635.000,00

Detalle das subvencións non reintegrables rexistradas en 2024:

Subvencións do Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2024, dentro da partida 080/43200/4490000, a cantidade de 2.485.000,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais.

Por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2024 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: Cobrado en 2024 o importe íntegro desta achega: 2.485.000,00 euros.

Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas no ano 2024.

Para o financiamento dos gastos correspondentes ao plan de mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas do exercicio 2024, foi concedida pola Deputación Provincial da Coruña, dentro do seu programa DP0030: Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, unha subvención por importe de 150.000,00 euros. O coeficiente de financiamento desta subvención é do 80% do orzamento total das actuacións a desenvolver.

Situación: A 31 de decembro de 2024 atópanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Con data 17 de marzo de 2025 foi presentada a correspondente xustificación.

En opinión do Consello de Administración da Sociedade cúmprense todos os requisitos establecidos nas bases, polo que se entende que esta subvención ten o carácter de non reintegrable.

Detalle das subvencións non reintegrables rexistradas en 2023:

Subvencións do Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2022, prorrogados para o exercicio 2023, dentro da partida 070/43200/4490000, a cantidade de 2.485.000,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais.

Por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2023 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: Cobrado en 2023 o importe íntegro desta achega: 2.485.000,00 euros.

Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas no ano 2023.

Para o financiamento dos gastos correspondentes ao plan de mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas do exercicio 2023, foi concedida pola Deputación Provincial da Coruña, dentro do seu programa DP0030: Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, unha subvención por importe de 150.000,00 euros. O coeficiente de financiamento desta subvención é do 80% do orzamento total das actuacións a desenvolver.

Situación: A 31 de decembro de 2023 atopábanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Con data 19 de marzo de 2024 foi presentada a correspondente xustificación. Con data 25 de setembro de 2024 foi emitida a Resolución de aprobación do pago desta subvención, que se fixo efectivo con data 2 de outubro de 2024.

Subvención da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte- Programa "Interreg V B Atlantic Area" para o desenvolvemento do Proxecto BODAH

Esta axuda foi formalizada a través dun Contrato de Subvención asinado, con data de abril de 2019, entre a Autoridade de xestión do Espazo Atlántico e INCOLSA como Xefe de Fila. O obxecto da mesma é o financiamento do proxecto BODAH, "Big e Open Data para o desenvolvemento de novos

procesos para a xestión do patrimonio atlántico". Este proxecto ten como obxectivo fortalecer un desenvolvemento sustentable máis holístico do turismo e dos fluxos de cidadáns e a redistribución de impactos socioeconómicos grazas ao uso de datos e tecnoloxías intelixentes. INCOLSA actúa como líder dun consorcio do que forman parte outras 7 institucións: Fundación Santa María La Real del Patrimonio Histórico (España), Fomento San Sebastián (España), Universidade Nova de Lisboa – Facultade de Ciencias e Tecnoloxía (Portugal), Université de Pau et des Pays de l'Adour (Francia), Munster Technological University (Irlanda) antes Cork Institute of Technology, Glasgow Caledonian University (Reino Unido) e Bangor University (Reino Unido).

O proxecto tiña unha duración inicial estimada de 33 meses. Trala aprobación da última prórroga solicitada a duración do proxecto estendeuse ata o 31 de decembro de 2022, pasando a ter unha duración total de 45 meses. O orzamento de gastos total do proxecto recollido no acordo de subvención para todos os socios ascendía a 1.571.373,00 euros e a subvención total aprobada a 1.178.529,75 euros.

O orzamento total de gastos a desenvolver por INCOLSA ao longo de toda a vida do proxecto ascendía a 247.400,00 euros e a subvención total aprobada a 185.550,00 euros.

En 2023 foi presentada a 6ª e última certificación de gastos e o informe final do proxecto. Con data 28 de novembro de 2023 a firma auditora designada como First Level Control emitiu o informe relativo á xustificación final do proxecto certificando gasto por un importe de 64.340,55 euros e ingreso por un importe de 48.255,44 euros.

O gasto total certificado polo First Level Control e validado pola Autoridade Nacional ao logo de toda a vida do proxecto ascendeu a 247.318,74 euros. O importe total da subvención rexistrada en base ao montante de gasto validado ao longo dos anos de execución ascendeu a 185.489,13 euros. En 2023 rexistrouse, contra fondos propios, un axuste negativo por importe de 4.700,30 euros derivado da diferenza entre a subvención estimada en base ao gasto executado e a que finalmente correspondía rexistrar en base ás certificacións emitidas polo First Level Control e validadas pola Autoridade Nacional.

Situación: Con data 3 de agosto de 2023 a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte fixo efectivo o pago da subvención correspondente á 5ª certificación de gastos por importe de 36.949,49 euros. Con data 7 de decembro de 2023 foi validada pola Autoridade Nacional a 6ª e última certificación de gastos correspondente ao período 01/01/22 a 31/12/22 recoñecendo un importe de subvención a pagar de 48.255,44 euros. O pago deste importe fíxose efectivo con data 24 de maio de 2024.

10.2 Subvencións de capital

Nos exercicios 2024 e 2023 a sociedade non rexistrou ningún importe en concepto de subvencións de capital.

NOTA 11. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

No exercicio 2024 a Sociedade rexistrou operacións co socio único, o Concello de Santiago, por importe de 352,54 euros. O devandito importe corresponde as cotas de lixo incluídas nas facturas do Servizo Municipal de Augas.

No exercicio 2023 a Sociedade rexistrou operacións co socio único, o Concello de Santiago, por importe de 359,12 euros. O devandito importe corresponde as cotas de lixo incluídas nas facturas do Servizo Municipal de Augas.

Dentro da partida "Débedas comerciais e outras contas a cobrar" do Activo Corrente do Balance non se recollen, a 31 de decembro de 2024 e 2023, débedas do socio único coa Sociedade.

Durante os exercicios 2024 e 2023 non se realizou ningunha operación con entes ou empresas participadas polo socio único.

En 2024 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago, unha subvención por importe de 2.485.000,00 euros recollida no orzamento municipal de 2024, dentro da partida 080/43200/4490000. O importe desta achega, foi cobrado integramente no 2024.

En 2023 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago, unha subvención por importe de 2.485.000,00 euros recollida no orzamento municipal de 2022, prorrogado para 2023, dentro de partida 070/43200/4490000. O importe desta achega, foi cobrado integramente no 2023.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, non fixo ningunha encomenda de execución específica a INCOLSA durante os exercicios 2024 e 2023.

No exercicio 2024 recoñecéronse débedas derivadas de dietas por asistencia ás sesións do Consello de Administración por importe de 703,16 euros e no 2023 por importe de 468,78 euros. A totalidade das dietas recoñecidas en 2024 foron abonadas con data de xaneiro de 2025 e as de 2023 foron abonadas con data de decembro de 2023.

Non existen créditos, préstamos ou plans de pensións a favor dos membros do Consello de Administración.

A desagregación dos importes devengados polo persoal de alta dirección nos dous últimos exercicios é o seguinte:

As remuneracións percibidas no exercicio 2024 pola persoa con contrato de alta dirección ascenderon a 78.887,71 euros, das cales correspondían a soldos e salarios 76.956,74 euros e a dietas 1.930,97 euros.

As remuneracións percibidas no exercicio 2023 pola persoa con contrato de alta dirección ascenderon a 76.050,00 euros, das cales correspondían a soldos e salarios 74.210,08 euros e a dietas 1.839,92 euros.

Os membros do Consello de Administración non informaron de que exista algunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puideran ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

NOTA 12. OUTRA INFORMACIÓN.

O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio é o seguinte:

	Exercicio 2024	Exercicio 2023
Total persoal medio do exercicio	21,14	20,71

Incluídas no cadro anterior, o detalle das persoas empregadas no curso do exercicio con discapacidade maior ou igual ao 33%, é a seguinte:

	Exercicio 2024	Exercicio 2023
Total persoal medio do exercicio	2,00	2,00

Os honorarios devengados polo servizo de auditoría de contas ascenderon no exercicio 2024 a 2.700,00 euros e no exercicio 2023 a 2.700,00 euros (I.V.E. non incluído en ambos casos).

Non existen acordos que non figuren no balance e sobre os que non se incorporase información na presente memoria.

NOTA 13. INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE.

Como consecuencia da natureza da propia actividade a Sociedade durante os dous últimos exercicios non levou a cabo actuacións relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente, non elaborou plans de actuación propiamente ditos co fin de reducir a contaminación atmosférica, nin dispón de provisións para cubrir a realización de actuacións empresariais orientadas ao medio ambiente, por considerar que non son necesarias.

A Sociedade non dispón de ningunha partida que conforme ao establecido na Resolución do 8 de febreiro de 2006 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, debера de rexistrarse dentro do epígrafe do balance correspondente a Inmobilizacións Inmateriais baixo a denominación "*Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro*".

A 31 de Decembro non existen continxencias relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente.

NOTA 14. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. "DEBER DE INFORMACIÓN" DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO.

A información en relación co período medio de pago a provedores en operacións comerciais, é a seguinte:

	Período medio de pago a provedores na data de peche do balance	
	2024	2023
	Días	Días
Período Medio de Pago a Provedores (*)	23	27

* Determinado segundo a Resolución do 29 de xaneiro do 2016 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas

PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA), propón á Xunta Xeral Ordinaria compensar as perdas obtidas no exercicio 2024 por 47.967,56 euros con reservas voluntarias dispoñibles. En 2023 a proposta foi a de traspasar os beneficios obtidos por importe de 28.113,81 euros a Reservas Voluntarias.

BASE DE REPARTO		2024	2023
SALDO DA CONTA PERDAS E GANANCIAS		(47.967,56)	28.113,81
TOTAL BASE DE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN		(47.967,56)	28.113,81
APLICACIÓN A		2024	2023
RESERVAS VOLUNTARIAS		(47.964,56)	28.113,81
TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO		(47.964,56)	28.113,81



DILIXENCIA DE FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024, ASÍ COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2025, formulou as Contas Anuais referidas ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2024. Estas Contas compóñense de Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios do Patrimonio Neto e Memoria, así como a proposta de aplicación do resultado, incluídos no presente documento que se compón de 39 páxinas incluída esta, referidas coa numeración da 1 á 39, asinadas cada unha delas polo Sr. Secretario do Consello de Administración D. José Manuel González García, sendo asinada esta dilixencia polos seis membros de dereito do Consello de Administración e o propio Sr. Secretario.

D^a M^a Goretti Sanmartín Rei

Presidenta

D^a Míriam Louzao Fernández

Vicepresidenta


D^a María Baleato González

Vogal


D^a Nerea Barcia Guldrís

Vogal

D. Gumersindo Guinarte Cabada



Vogal

D^a María Rozas Pérez

Vogal

DILIXENCIA

D. José Manuel González García, Secretario do Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. certifica que as anteriores firmas dos administradores da Sociedade corresponden aos señores conselleiros e que o presente documento comprende as contas anuais e a proposta de aplicación do resultado de Información e Comunicación Local, S.A., correspondentes ao exercicio 2024, documentación que foi formulada polo Consello de Administración da Sociedade en reunión celebrada a esta data e que se encontra estendida en 39 folios de papel común, todos eles coa miña rúbrica.

D. José Manuel González García
Secretario

